



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

00.11002 05117

SAIDA

As Normas de Xestión Académica da Universidade de Santiago regulan os Proxectos de Fin da Carreira como actos académicos a realizar de xeito obrigatorio a realizar unha vez superados o resto dos créditos troncais, obrigatorios, optativos e de libre configuración. Así mesmo se establece que os alumnos poden realizar a matrícula en calquera momento do curso, debendo os Centros realizar ó menos tres convocatorias anuais.

Os alumnos das titulacións de planos vellos da Escola Politécnica Superior que só lles quedaba para obter a titulación o Proxecto de Fin de Carreira concedéndolles no curso 98/99 e tamén por Resolución do 5 de outubro de 1999 unha convocatoria extraordinaria para a presentación do Proxecto de Fin de Carreira.

Tendo en conta o anterior precedente e previa consulta co Centro, este Rectorado Resolveu:


Primeiro.- Autorízase á Facultade de Ciencias de Lugo a que realice unha convocatoria extraordinaria para a presentación do Proxecto de Fin de Carreira a celebrar no mes de decembro do 2002 e que será imputada ó curso 2001/02 no Plan de Estudos de Enxeñería Técnica Industrial, especialidade de Química Industrial.

Segundo.- Os alumnos que tiveran superadas tódalas materias da referida titulación do Plan en proceso de extinción poderán presentar os proxectos Fin de Carreira nesta convocatoria extraordinaria.

Terceiro.- Os alumnos que non presenten o proxecto, ou presentandoo non o superen, deberán adaptarse ós planes de estudio renovados.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2002

O Rector



Senén Barro Ameneiro

Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica
Campus Sur